EXERCICIO AUTOAVALIABLE 1 (UNIDADE 6)

CUESTIÓNS SOBRE A ANTOLOXÍA DE TEXTOS[1]

I. CUESTIÓNS SOBRE O TEXTO 2 «Toda humilde belleza...» de A. Noriega Varela.

1. **Analiza a métrica, indicando número de versos, rima, estrofa... e que valor ten dentro do punto de vista do contido.**
2. **En cal faceta dentro da súa produción poética incluirías este poema e por que?**

II. CUESTIÓNS SOBRE O TEXTO 7 «!EN PÉ!» de Ramón Cabanillas.

Despois de lido o poema. Contesta as seguintes preguntas:

1. **Tendo en conta que o poema é un himno patriótico, analiza o emisor, o punto de vista, e o receptor do mesmo.**
2. **Sinala as referencias históricas presentes no texto.**
3. **Comenta o tema da composición a partir da conxunción de aspectos do presente, do pasado e do futuro.**
4. **Cal che parece que é o significado metafórico de «fouce» e de «oliva»?**

III. CUESTIÓNS SOBRE O TEXTO 5 «Camiño longo» de Ramón Cabanillas.

1. **Dentro de que liña incluirías este poema e que características atopas nel?**

IV. CUESTIÓNS SOBRE O TEXTO 9 «Na noite estrelecida» de Ramón Cabanillas.

1. **Resume o argumento do texto.**
2. **O texto amosa unha pirámide social. Quen a conforma? Copia os versos e explica.**
3. **En que etapa incluirías este poema e por que?**
4. **Localiza algún elemento modernista se o hai.**

[1] Para comprender e contestar a estas preguntas debe estar lida a antoloxía de textos incluída no documento descargable.

SOLUCIÓNS

I. TEXTO 2 «Toda humilde belleza...» de A. Noriega Varela.

1. Analiza a métrica, indicando número de versos, rima, estrofa... e que valor ten dentro do punto de vista do contido.

O poema «Toda humilde belleza...», publicado inicialmente na revista *Céltiga*, e que logo sería recollido na cuarta e definitiva edición do seu libro *Do ermo (1946)*, é un dos celebrados **sonetos** que presentan o lirismo da natureza característico da madurez do vate mindoniense. Os seus versos hendecasílabos presentan o esquema rimático ABAB ABAB CCD EED. Os dous primeiros serventesios serven de presentanción do tema, e neles, recorrendo a un procemento marcadamente nominativo, reálzase a beleza daquilo que con frecuencia pasa inadvertido na contemplación da paisaxe, pero que é o que conmove o eu lírico. Por outra parte, os tercetos presentan unha función de reforzo e contraste da idea temática, respectivamente, e remítenos a outros trazos sinxelos, afectos á súa musa e que solicitan a súa atención, primando a súa importancia fronte aos máis maxestosos e rechamantes da paisaxe.

A rima é consonántica.

2. En cal faceta dentro da súa produción poética incluirías este poema e por que?

Este poema pertencería a faceta **lírico intimista e franciscano**, xa que se centra no intimismo e recréase na paisaxe que o rodea. Nesta composición o poeta declara a súa fascinación polo *retallo bretemoso, a pinga de orballo, a flor do toxo ou o fío da arañeira,* indicando a súa preferencia polos aspectos humildes da natureza, os cales iluminan a súa musa, fronte a aqueloutros esplendorosos, soberbios e brabíos, que conforman o aspecto máis perceptible da paisaxe, pero carecen de engado especial para o eu lírico.

A primeira estrofa está ateigada de imaxes que revelan unha metamorfose que se leva a cabo mediante unha metáfora en aposición no caso da *brétema* que se converte nun *atavío soberbio de irta xesta*, ou que fan da pinga de orballo unha *doíña.*

A segunda estrofa desenvolve o motivo sentimental co que concluía a anterior (*a lágrima*), mediante as prosopopeas xeradas polos verbos *bica, chora,* e máis a declaración do eu lírico: *toda humilde belleza me namora...*

Estes elementos estéticos comentados revelan a súa riqueza estética, ao tempo que suxiren a emoción que exhalan as cousas humildes, cifra do lirismo franciscano de Noriega Varela.

II. TEXTO 7 «!EN PÉ!» de Ramón Cabanillas.

1. Tendo en conta que o poema é un himno patriótico, analiza o emisor, o punto de vista, e o receptor do mesmo.

O **emisor** pode identificarse co **pobo galego**. Polo tanto trátase dun **emisor colectivo** e exprésase mediante a **primeira persoa do plural.**

Este emisor manifesta un punto de vista omnisciente, tanto desde a perspectiva histórica –coñece os diversos episodios vividos por Galicia ao longo da sua historia-, como en relación coa interioridade dos receptores: sabe que os galegos están dispostos a loitar, a non morrer sen loita.

O **receptor é tamén colectivo**, un receptor plural a quen se apostrofa como ***¡irmáns!,*** e que se identifica, de novo, co **pobo galego.**

Polo tanto, o receptor identifícase co emisor, e ambos comparten a 1ª persoa do plural. O emisor diríxese a si mesmo, de aí a omnisciencia antes sinalada. É dicir os galegos exhórtanse a si mesmos a loitar contra a opresión que padecen.

2. Sinala as referencias históricas presentes no texto.

Na segunda estrofa evócase a «noite da Frouseira», que recorda a traizón sufrida polo mariscal Pardo de Cela, decapitado en Mondoñedo o 7 de nadal de 1483.

Na terceira estrofa Galicia é denominada como «Suevia», de lendaria historia. Símbolo de Galicia, cidade dos suevos, principal pobo xermano que chegou a Galicia tras a caída do Imperio romano, e recórdase o día do «Medulio», que fai referencia á heroica resistencia dos celtas galaicos ante os invasores romanos e negándose a calquera pacto de submisión con Roma.

Estas alusións históricas son de dous tipos:

a) Negativas (vv. 13-16): a súa finalidade é presentar un pasado histórico caracterizado polas afrontas e as inxustizas.

b) Positivas (vv. 25-26 e 29-32): recordan episodios importantes e heroicos da historia de Galicia.

Unhas e outras son, polo tanto, argumentos a prol da loita dos galegos do presente na procura dunha terra libre, digna e dona do seu destino.

3. Comenta o tema da composición a partir da conxunción de aspectos do presente, do pasado e do futuro.

O tema é, pois, evidente. Trátase da **exhortación á loita na defensa da Terra**. ¡A nosa Terra é nosa!. A erguer a bandeira azul e branca e a non morrer sen loita. Por iso as estrofas rematan con imperativos.

O poema inscríbese na reivindicación nacionalista propiciada nestas datas polas Irmandades da Fala.

Téñase en conta, ademais que o poema vai dedicado a Luís Porteiro Garea (1829 – 1918), que foi unha importante figura do nacionalismo durante os primeiros anos do século XX. Foi, asemade, presidente da Irmandade da Fala de Santiago de Compostela.

No poema constrastan tres momentos:

a) PRESENTE, caracterizado pola opresión: *irmáns asoballados / de xentes estranxeiras.*

b) PASADO, mediante as referencias históricas antes comentadas, expóñense dúas situacións distintas:
   - Un pasado de inxustizas e afrontas que non deben ser esquecidas nin tampouco permitir que se volvan repetir «*a noite da Frouseira*».
   - Un pasado de heroes que deben converterse no modelo de conducta a imitar: *Suevia, de lexendaria historia e o día do Medulio / con sangue quente e roxa / mercámo-lo dereito / a libre, honrada chouza.*

   Disto dedúcese que hai que aprender do pasado e tomalo como exemplo –por reacción ou imitación- para a actitude valerosa coa que hai que enfrontarse ao porvir.

c) FUTURO, advírtese unha esperanza nun futuro que xa se divisa positivamente: *xa afloxan as cadeas, xa está ó vento a bandeira azul e branca!*
   Luz (v.3) = brancura, v.4 *luz que cai de riba ou a propia cor da bandeira galega azul e branca* = esperanza no futuro. Fronte a isto temos a escuridade (v.14 *noite da Frouseira*) = opresión.

4. Cal che parece que é o significado metafórico de «fouce» e de «oliva»?

A fouce ten na poesía galega diversos significados:

a) **Alegoría da morte**, xunto coa gadaña, fouce segadora da vida.
b) **Elemento característico dos druídas**, cortadores da mandrágora con fouces de ouro.
c) **Símbolo de liberdade e loita**. Esta é a súa significación principal que corresponde a este poema. A fouce é o símbolo da loita pola liberdade. Trátase dun humilde aveño agrícola que, cando é preciso, se troca en arma poderosa, en fouce loitadora, en fouce liberadora. Neste significado comparte protagonismo con outros elementos de igual categoría: *sachos, legós, forcadas, gadañas, fungueiros, coitelos*... pois con todos eles o labrego que ergue a súa protesta prepárase para a feroz batalla.

A poesía agrarista de Cabanillas proporciónanos abundantes exemplos deste motivo[2], que convive cos mistos e feixes de palla.

Máis recententemente, a fouce volve aparecer na poesía galega xa asociada á revolución marxista. Fouce e martelo simbolizan agora a unión

[2] Léase o poema 4 e 6 da Antoloxía de textos

entre campesiños e o proletario industrial, conservando a antiga reivindicación libertaria.

A **oliveira** é, para a maioría dos pobos, o **símbolo da paz.**

No poema conxúgase dúas actitudes: nunha man a fouce e noutra man a oliva, que se corresponden coa violencia e a loita por un lado e coa reivindicación e coa emancipación pacífica, por outro. Ou que é o mesmo, coa necesidade de loita para procurar a paz.

III. TEXTO 5 «Camiño longo» de Ramón Cabanillas.

1. Dentro de que liña incluirías este poema e que características e influencias doutras literaturas atopas nel?

Este poema estaría incluído dentro do INTIMISMO que é unha liña herdada dos poetas románticos como Heine ou Bécquer, e máis directamente Rosalía de Castro. Nos versos de Cabanillas aflora unha sensibilidade amorosa, e hai unha conmoción ante a natureza e o sentimento dorido da vida, neste caso o camiño como símbolo do paso do tempo.

IV. TEXTO 9 «Na noite estrelecida» de Ramón Cabanillas.

1. Resume o argumento do texto.

Este fragmento obxecto de traballo, pertence á primeira das sagas: «A espada de Escalibor», que se publicou no número 25 da revista *Nós*, en 1926 e narra a seguinte historia: o fillo orfo do rei Uther chega ao circo para competir cos demais pola coroa, e el consegue erguer a espada «Escalibor» baixo atenta mirada de todo o pobo, é dicir, «os habitantes de Caerleón», e converterase en rei coa axuda dos astros divinos.

2. O texto amosa unha pirámide social. Quen a conforma? Copia os versos e explica.

Son os habitantes de Caerleón, onde temos desde os cabaleiros máis variles e bravos, é dicir, os homes de clase social alta, pasando polos máis rudos vilegos, e os máis rexos escravos. Todos teñen dereito a probar sorte para conseguir a máxica espada.

3. En que etapa incluirías este poema e por que?

Pertence a terceira denominada «mítico-saudosista (1921 – 1931)», onde recrea lendas celtas míticas pertencentes á Materia de Bretaña que nos falan dun pasado glorioso (a nobre época dos cabaleiros da táboa redonda do rei Artur) e aventuran un futuro esperanzador para Galicia (o rei Artur agarda nunha illa galega novos e mellores tempos; cando estes cheguen erguerase e gobernará gloriosamente sobre a terra). Esta nobre época celta foi o marco simbólico en que se baseou o nacionalismo (as orixes de Galicia son celtas) de aí que enxalzase este pasado histórico con **finalidade didáctica** (dignifica Galicia explicándonos o seu pasado glorioso para alento de todos os galegos, para espertar neles a conciencia galeguista).

4. Localiza algún elemento modernista se o hai.

Nesta época é decisiva a influencia do modernismo rubendariano e do saudosismo portugués, principalmente na nostalxia que asome cando regresa ao pasado intentando recuperar as nosas raíces nacionais.

O influxo modernista manifféstase na profusión de adxectivos coloristas que permite captar a beleza a través dos sentidos, e nos detalles sensoriais da refinada lingua poética, especialmente minuciosa ao recoller matices de luz «no circo sobre a **neve**» que simboliza a pureza e que contrasta co «airón enloitado» que é a morte; ou «a nobre lumiosa mirada» e incluso «do sagro craror escintilante», xunto coa métrica escollida que son versos alexandrinos pareados que riman AA de arte maior.

EXERCICIO AUTOAVALIABLE II (UNIDADE 6)

LE O SEGUINTE POEMA.

U…ju ju...

(Poema futurista)

Terra
Duas áas diagonaladas d'azur baten no mar
Sóbor do Atlántico a diástole imensa da raza
Vapor en todol-os motores do mundo
Añudadol-os nosos nervos á todol-os fíos eléctricos
Terra
A Cruña fita as brétemas d'Irlanda
Vigo os raña-ceos de Nova York
GALICIA FOR EVER
CRUÑA
Puntos de tensión máxima da vida
VIGO
Terra
Nudo de todol-os fíos
Enfiando todal-as vilas do mundo
Todal-as sirenas a un tempo a sonar
Trés pintados de sol furando a terra
no cabo de todol-os paralelos
Terra
As flechas das arelas solagadas da Atlántida
Nas nosas espadañas
onde repican ó bautizo dos séculos novos
Antenas pra radiografial-os nosos himnos ás estrelas
Terra
Folgos de millós de peitos
Mañan
Brinco de todal-as vontades
Estralar de todol-os miolos
Terra
N. S. E. W.
Terra
Chuvia d'estrelas
Alborada
Lóstrego
Rayos X
Profecía
Terra
O ceo rachou d'arriba abaixo
Terra
HIP HIP HIP
HURRA

Vicente Risco en *A Nosa Terra,* xaneiro de 1920.

I. CUESTIÓN

1. Que características plenamente vangardistas atopamos nestes poema de V. Risco?

II. CUESTIÓNS SOBRE O POEMA 10 DA ANTOLOXÍA «INTENCIÓNS»

1. **Este texto de Manuel Antonio é o que inaugura a singradura poética que supón o libro *De catro a catro*. Le o texto e resume en poucas liñas o que che provoca.**
2. **Analiza agora o ton da composición. É optimista ou pesimista? Xustifica a túa resposta.**
3. **Localiza e cita os trazos máis vangardistas presentes no poema, e os trazos da poética máis tradicional.**

III. CUESTIÓN SOBRE O POEMA 15 «SOLPOR»

1. **En que movemento vangardista galego incluirías este poema? Cita as súas características principais.**

SOLUCIÓNS

1. **Que características plenamente vangardistas atopamos neste poema de V. Risco?**

Se ben esta composición é un feito excepcional dentro da obra do autor, nela emprega características plenamente vangardistas como:

- Utilización de distintos tipos de letra (maiúsculas e minúsculas).
- Supresión da puntuación ortográfica, é dicir non hai puntos, nin comas...
- Supresión da disposición lineal do discurso, atopamos espazos en branco, sangrías..
- Utilización do procedemento caligramático en escaleira moi do gusto da vangarda futurista.
- Emprego de siglas (os puntos cardinais).
- Utilización de palabras estranxeiras como GALICIA FOR EVER.
- Emprego de terminoloxía técnica e maquinista con presenza dos novos inventos como: *os fíos eléctricos, as antenas para radiografíar...*

En xaneiro de 1920, en *A Nosa Terra*, Vicente Risco publicaba este poema futurista. O ourensán vai ser un dos principais espalladores das vangardas en Galicia a través das súas colaboracións na revista que son estímulo para novos escritores como Evaristo Correa Calderón, Euxenio Montes, Álvaro Cebreiro ou Manuel Antonio.

Risco exerceu unha notable influencia sobre os vangardistas galegos, xa non tanto pola súa propia obra como polo feito de darlles a coñecer aqueles autores europeos que no momento cultivan as novas letras.

II. POEMA 10 DA ANTOLOXÍA «INTENCIÓNS»

1. **A resposta é aberta.**
2. O ton xeral do poema é ambiguo, pode interpretarse como ilusionante (o que depara o futuro) ou decepcionante, algo que ven marcado a través das frases: *frustadas descobertas, abolidos corazóns.*
3. **Trazos da poética máis tradicional:**
   — Presenza do suxeito poético NÓS. Só as pseudoestrofas situadas á dereita non teñen suxeito NÓS.
   — Vestixios de rima: *vela, estrelas, descobertas.*
   — Imaxes ligadas á realidade: *as estrelas.*

   Trazos máis vangardistas:
   — Xustaposición de imaxes.
   — Léxico extrapoético. Léxico mariñeiro: *vela, pailebote, barlovento, alar, chicote, meridiano, singradura, rede, cazar a vela, trincar a escota.* Léxico culto: *abolidos, torso, prostibularia.* Léxico técnico: *meridiano, Rosa dos Ventos.*
   — Ausencia de ritmo, prosaico.
   — Ausencia de signos de puntuación.
   — Disposición gráfica: colocación dos versos.

   Agora tes un pequeno comentario do poema que che pode servir de guía para a lectura e comprensión do poema.

Antes de nada lembremos que no libro *De catro a catro* Manuel Antonio emprega unha técnica e unha imaxenería creacionista para verter sobre o papel todo o seu mundo interior e a súa sentimentalidade. O poeta dialoga co cosmos e co mar a través dun sistema simbólico coherente, ao tempo que emprega unha estrutura poética alle ás pautas métricas convencionais e deixa que o ritmo flúa de xeito natural. O poemario está constituído por unha serie de oposicións entre a terra e o mar.

Este poema, concretamente, é un resumo do libro, as intencións e as ilusións que a travesía marítima lle depara ao poeta. Por iso os verbos dos primeiros versos de cada estrofa están en futuro: *encheremos, inventaremos, alaremos, encadearemos, cazaremos...*

O ambiente é nocturno como na maioría do libro: *madrugada, noctámbulo, estrelas;* predomina a adxectivización negativa: *náufraga, frustada, abolidos, defraudados, prostibularia, perdidas...*

Unha voz poética en 1ª persoa do plural NÓS fálanos de que vai embarcar de madrugada e pensa no que lle vai deparar a travesía, descríbenos por medio dunha imaxe e unha personificación «coas súas mans loiras»«acenan mil adeuses as estrelas» a partida do barco coas súas velas na madrugada onde as estrelas son guías, estamos ante un adeus, unha despedida que é continua no libro.
Na seguinte estrofa que comeza con «inventaremos frustadas descobertas» comeza a viaxe, mais esta non é real, porque di “inventaremos”, a viaxe é imaxinada, ademais xa está frustada antes de saír. A travesía polos horizontes marítimos debería conseguir animar o poeta, mais os veleiros están defraudados. Hai, pois, unha identificación do poeta co barco veleiro.

Nas seguintes estrofas continúa describindo como vai ser a súa viaxe polo mar, onde buscará lugares descoñecidos, indagará, xuntará cadernos, que agora están en branco, mais tarde non... e a guía sempre será a Rosa dos Ventos; e a igual que Simbad –personaxe das *Mil e unha noites*, protagonistas de aventuras- comezará a súa viaxe iniciatica, na busca dun mesmo.

Unha viaxe que comezou cun ton negativo e pesimistia, remata con ilusión e esperanza, onde o atormentado corazón do poeta tentará agarrarse a esa ilusión.

III. POEMA 15 «SOLPOR»

1. Pertence ao **hilozoísmo**, onde o elemento fundamental desta tendencia é a paisaxe. Unha paisaxe humanizada (a través, sobre todo, do recurso da personificación); os elementos da natureza (animais, ríos, árbores..) aparecen adoito personificados. É frecuente a sucesión continuada na composición de imaxes plásticas, visuais e auditivas –imaxinismo-.

SABER MÁIS

Neste poema concretamente, o autor sérvese de pinceladas expresivas de seu, dando unha descrición da nosa terra: Galicia onde non só temos a paisaxe da Galicia interior «*da beira do río chegaban as cantigas*», senón tamén da costa «*polo mar as velas eran folerpiñas*».

Ao longo de 32 versos aparece reflectida a hora do solpor que encerra todo aquilo que nos representa e identifica como galegos «*as cantigas*», «*as campás beatas no ceo bulían*»(é hora de ir á misa), «*un alto aturuxo*», Un mundo no que ten cabida toda a nosa idiosincrasia.

Toda esta paisaxe humanizada «*campás beatas*», «*chegaban cantigas/choutando nas leiras*», «*estrelas obrizas*»"... é tratada por Amado Carballo dunha maneira moi sinxela, cargada iso si, dunha grande expresividade, chea de contrastes de luz e sombras, onde o colorido está patente coma na imaxe que segue «*eran folerpiñas que da lúa aberta na auga caíran*» e a sonoridade tamén «*choutadas nas leiras molladas de ris*as». Hai unha conmoción ante a vida natural, pola que os elementos naturais acadan un latexo humano, e a vida vexetal se anima con tal forza que o home poboador das paisaxes descritas chega a converterse nun mero integrante delas: «*as campás beatas no ceo bulían rezando rosarios á Virxe María*».

O poema xira en torno ao tema central que é o «**Solpor**», a descrición progresiva desa hora do día.

Características do HILOZOÍSMO

- A natureza é a grande protagonista. A paisaxe humanizada.
- Sucesión de imaxes plásticas encadeadas.
- Poesía sensual que combina elementos visuais e auditivos, pero o predominante é a cor viva, o cromatismo.
- Métrica sinxela, baseada nas formas populares, predominan os versos curtos (octosílabos) e rima asonante.
- Influencia da corrente inglesa «O imaxinismo»

O seu máximo representante é **Luís Amado Carballo.**

EXERCICIOS

CUESTIÓNS

1. **Os movementos de vangarda. características, autores e obras.**

2. **Fai un comentario do seguinte poema:**

SÓS

Fomos ficando sós
o Mar o barco e mais nós

Roubáronnos o Sol
O paquebote esmaltado
que cosía con liñas de fume
áxiles cadros sin marco

Roubáronnos o vento
Aquel veleiro que se evadeu
pola corda floxa do horizonte

Este oucéano desatracou das costas
e os ventos da Roseta
ouretáronse ao esquenzo

As nosas soedades
veñen de tan lonxe
como as horas do reloxe

Pero tamén sabemos a maniobra
dos navíos que fondean
a sotavento dunha singradura

No cuadrante estantío das estrelas
ficou parada esta hora:
O cadavre do Mar
fixo do barco un cadaleito

Fume de pipa *Saudade*
Noite *Silenzo* *Frío*
E ficamos nós sós
sin o Mar e sin o barco
nós

Manuel Antonio, *De catro a catro*